



COVA DAS CHOIAS


Adela Leiro, Mon Daporta




Distancia: 1,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 horas



A Cova da Choias atópase no concello da Pobra de Brollón (parroquia de Óutara), nas estribacións da serra da Trapa. É unha gran cavidade natural agrandada polas actividades de explotación mineira do ferro na que podemos apreciar as pegadas do traballo das persoas que ao longo de centos de anos, en épocas diferentes, foron modelando o espazo mentras lle arrancaban o mineral co que traballaban as distintas ferrerías da contorna. Un traballo do ferro que aparece reflectido en diferentes topónimos que atopamos nos indicadores da estrada (Ferreiros, A Ferreirúa). Destaca a presenza dun brión luminiscente o *Schistostega pennata*, un espécimen raro e en perigo (incluído no Catálogo Vermello de Especies Ameazadas), que segundo o ángulo de incidencia da luz reflíctea dunha fermosa cor verde brillante.



Souto de Biduedo



PERCORRIDO

Na estrada que vai da Pobra do Brollón ao Incio, por Pacios de Veiga, uns cinco quilómetros máis adiante de Pacios de Veiga, atópanse, nunha zona de curvas e ao pé dunha estrada que sube cara atrás e á esquerda, por baixo da estrada e á dereita, unhas casas son as que conforman o lugar de Biduedo, un indicador feito á man sinala o lugar e outro, debaixo, a dirección da cova. Desde ahí xa non temos perda posible. Baixamos ao lugar, cruzamos o río Cabe e collendo o desvío da dereita, indicado, estamos na ruta que comeza no que queda dun vello souto no que algúns dos castiñeiros superan os seis metros de perímetro. O traxecto, en costa, lévanos polo vello camiño de subida á cova, que vai remontando a ladeira, un camiño que nas partes rochosas amosa, excavadas na pedra, as pegadas deixadas polas subidas e baixadas dos carros que transportaban o mineral, ata unha pista de forte pendente, alí xusto de fronte, do outro lado da pista, temos a cova.

O percorrido son uns setecentos metros, un quilómetro e medio ida e volta.

O espazo, que só se descubre cando se está ao pé, resulta de primeiras estrano e logo sorprendente polo tamaño. O tamaño e as verdadeiras dimensións só se descubren cando se está dentro. Máis de cen metros de longo e uns trinta de ancho e de alto

E logo, unha vez que a vista se afai á pouca luz, imos descubrindo detalles e cores, as distintas galerías e as pegadas do traballo dos mineiros. Hai que ir provistos dunha lanterna e ter coidado co esbaradío do piso sobre todo nas zonas en pendente.



Brión luminiscente (*Schistostega pennata*)

